

ILMO. CONCELLO
de
RIBADUMIA
(Pontevedra)

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO MUNICIPAL CON
DATA 30 de SETEMBRO DE 2015**

No Salón de sesión da Casa Consistorial de Ribadumia, sendo as vinteunha horas do día trinta de setembro de dous mil quince, ó obxecto de celebrar a sesión extraordinaria, previamente convocada na forma regulamentaria baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. David J. Castro Mougán, reúnen os sres. concelleiros: D^a M^a del Mar Rey Pérez; D. Enrique J. Oubiña Lago; D. José Ramón González Ledesma; D^a M^a do Pilar Martínez Troncoso; D^a M^a del Mar Moimenta Otero; D. Juan Carlos Esperón Prado; D^a M^a Salomé Peña Muñiz; D. Luis Serantes Alvarez; D^a Susana Fandiño Vázquez; D. Antonio Roma Arcos; e D^a M^a Dolores Esperón Feijoo.

Non asisten: D. Rafael Louzán Abal.

Actúa como Secretaria da Corporación D^a M^a Dolores Franco Mateo

O Sr. Alcalde-Presidente declara aberta a sesión, pasándose a considerar os asuntos incluídos na orde do día.

1º.- ACTA ANTERIOR.-

Dase conta á Corporación da acta da sesión anterior, correspondente á extraordinaria, celebrada con data 14 de xullo de 2015.

Pola Alcaldía-Presidencia se pregunta ós Sres. Concelleiros se teñen algunha obxección que facer á mesma, e non realizándose ningunha, a devandita acta é aprobada por unanimidade dos Sres. asistentes na forma en que está redactada.

2º.- DESIGNACIÓN DE FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2016.-

Dase conta da proposta da Alcaldía no que consta que visto o escrito recibido con data 4 de agosto de 2015 do Servicio de Traballo e Economía Social da Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar no que se indica que de conformidade co disposto no artigo 37.2 do Real Decreto Lexislativo 1/1995, de 24 de marzo (Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores) e no artigo 45 e 46 do Real Decreto 2001/1983, de 28 de xullo, é preciso proceder á designación das festas locais neste Concello para o vindeiro ano **2016.-**

Tendo en conta que nos últimos exercicios viñase propoñendo como festivos locais o luns de Pascua e o venres no que se celebre as Festas do Viño Tinto, propónse que se designen os mesmos días.



ILMO. CONCELLO
de
RIBADUMIA
(Pontevedra)

O Pleno por unanimidade dos Sres. asistentes acorda establecer como días Festivos Locais para o vindeiro ano 2016:

- Día 28 de marzo (Luns de Pascua)
- Día 3 de xuño (Festas do Viño Tinto)

3º.- APROBACIÓN CONTA XERAL EXERCICIO 2014.-

Neste punto da Orde do día dase conta da Conta Xeral do Orzamento correspondente ó exercicio de 2014, que foi informada favorablemente pola Comisión Especial de Contas en sesión celebrada con data 7 de Agosto de 2015, e exposta ó público polo prazo regulamentario, mediante anuncio insertado no B.O.P. Nº 159 de 19 de agosto de 2015, sen que se presentaran reclamación algunha contra a mesma, polo que procede sometela á aprobación do Pleno.-

A Sra. Peña Muñiz que é un documento contable que reflicte a xestión que realizous polo anterior equipo de goberno o ano anterior e por iso van a prestarlle a súa aprobación.

Dase lectura ó resumo da mesma, sendo os datos do Remanente de Tesourería a data de 31 de decembro de 2014 os seguintes:

- Fondos líquidos na Tesourería a final do exercicio	1.130.510, 71 €
Debedores pendentes de cobro ó final do exercicio	1.479.018, 36 €
De Orzamento corrente	914.815, 51 €
De Orzamentos pechados	549.720, 38 €
De operacións non orzamentarias	14.482, 47 €
- Obrigacións pendentes de pago ó final do exercicio	418.242, 30 €
- De Orzamento corrente	266.599, 35 €
- De Orzamentos pechados	31.483, 50 €
- De operacións non orzamentarias	120.159, 45 €
- Remanente de Tesourería total	2.191.286, 77 €



ILMO. CONCELLO
de
RIBADUMIA
(Pontevedra)

- Saldos de dudoso cobro	- 549.720, 38 €
- Exceso de financiación afectado	0
- Remanente de Tesourería para gastos xerais	1.641.566, 39 €
- Remanente tesourería a incorporar a exerciico seguinte:	
- Remanente a incorporar obrigatorio para gastos xerais:	70.541, 44 €
- Remanente a incorp. oblig. para gastos con financ. Afectada:	532.240, 79 €
- Remanente de Tesourería total	1.038.784, 16 €

Así mesmo dase conta do informe de Secretaría-Intervención sobre cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, emitido en relación coa Liquidación do exercicio de 2014.

O Pleno Municipal, por maioría de cinco votos a favor (P.P.), e sete abstencións (Ind. Ribadumia; PSdeG-PSOE e Somos Ribadumia) acorda: 1º.- Prestarlle aprobación á Conta Xeral correspondente ó Orzamento de 2014, dándose por enterada do informe sobre cumprimento de estabilidade orzamentaria emitido; 2º.- Que se proceda á súa remisión ó Tribunal de Contas, Consello de Contas de Galicia e ó órgano correspondente da Comunidade Autónoma.-

4º.- INFORMES TRIMESTRAIS SOBRE CUMPRIMENTO DE MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS COAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS. (1º e 2º TRIM/2015).-

Dase conta de que, en cumprimento do establecido na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004 de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade na operacións comerciais, pola Tesourería elaborouse o informe trimestral, correspondente ós **primeiro e segundo trimestres de 2015** no que consta o número e contía global das obrigas pendentes nas que estase a incumplir o prazo de pago, e coa incorporación do informe de Intervención das facturas respecto das cales teñan transcorridos máis de tres meses dende a súa anotación no rexistro e non se teña tramitado o recoñecemento da obriga.

O Pleno Municipal por unanimidade dos Sres. asistentes dase por enterado, ratificando o contido dos devanditos informes.

5º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

1º.- Toma a palabra a Sra. Peña Muñiz para indicar que tódolos anos se procedía á limpeza



ILMO. CONCELLO
de
RIBADUMIA
(Pontevedra)

de marquesinas e taboleiros de anuncios instalados nas distintas parroquias e que este ano non se fixo, e solicita que se faga porque despois do verán e con todas as festas e outros eventos que se anuncian nesa época, atópanse con moita propaganda e papeis pegados.

2º.- Igualmente indica que así mesmo os contedores de lixo se viñan limpando durante a época de verán e este ano non se fixo, polo que solicita se faga á maior brevidade posible.

A este respecto dí que tamén se puxo en marcha un programa no que se instaláron 50 composteiros e que había un compromiso de realizar un seguemento e mantemento e non se fixo.

3º.- Manifesta que o equipo de goberno anterior adquiriu o compromiso de que se fixera a urbanización do entorno do ximansio xa que as beirarrúas están moi deterioradas e que nese punto prodúcese un estreitamento da mesma e se tiña proxectado levar a cabo dita urbanización e que quede arranxada e accesible a zona; que solicitouse axuda á Consellería de Presidencia e que non se concedeu, e solicita se faga a mesma e se tramite para elo un expediente de modificación de créditos con cargo ó remanente de tesourería.-

4º.- Indica que o céspede do Campo de fútbol de Umia se instalou novo o ano pasado e que iso precisa unha labor de mantemento do mesmo e solicita se leve a cabo.-

O Sr. Alcalde contéstaselle que se fixo o mércores pasado; e que tamén hai que instalar algún punto de luz e faráse nos vindeiros días, que revisouse coa directiva do club as necesidades do campo.

5º.- Toma a palabra o Sr. González Lede e dí, respecto ós composteiros, que habería que ter elaborado un proxecto e no que non se fixo o mesmo; non se estudiou nin onde ubicalos nin marcouse unha liña para facer os técnicos un seguimento e hai xente que se lles puxo o composteiro nas mans e aínda non o puxo en marcha.- Que se está tratando de conseguir máis composteiros e ver si os novos son máis aceptables; que hai que analizar ver cantos usuarios están realmente comprometidos.

De todas formas, que está ben que o Partido Popular se preocupe despois de quince anos de non tratar de reducir os kilos de lixo.-

Dí que hai un Plan de Deputación e se preve que, de ser posible, a primeiros de ano estarán funcionando.

A Sra. Peña Muñiz contesta que se lle deu publicidade e participáron as familias que quixeron, que a ninguén se lles puxo o composteiro nas mans, que houbo unha charla informativa a que asistiron e ó cabo dun mes era cando os técnicos tiñan que ir a controlar.- Que non sabe qué proxecto fae falla para controlar os composteiros e poñelos en marcha.



ILMO. CONCELLO
de
RIBADUMIA
(Pontevedra)

O Sr. Alcalde reitera que se está traballando nese tema e para facer un proxecto para tratar de conseguir que se reduza os kilos de lixo.

6º.- A Sra. Peña Muñiz solicita que se dea lectura ó acordo adoptado na sesión de 5 de maio de 2015, relativo á aprobación do proxecto e prego de cláusulas da obra do Edificio para ximnasio e servios escolares en Barrantes.- Dada lectura ó mesmo día que non permite que a ela ninguén a chame mentireira como fixo o SR. Oubiña Lago na anterior sesión.

O Sr. Oubiña Lago dí, que nas intervencións desa mesa sesión, na acta xa consta que manifestou que estaba en contra do proxecto non da obra en sí; pero non vai entrar máis en polémica.

7º.- A Sra Peña Muñiz dí que o pacto de goberno de I.R., PSOE e Somos Ribadumia, presumía de que ía a haber transparencia e que se farían públicas as retribucións que ían a percibir os membros do goberno e iso non se cumpre.

O Sr. Alcalde dí que xa se fixo público a tódolos efectos; que se aprobou en pleno e que a acta é pública.

A Sra. Peña insiste en que quere saber as retribucións que perciben os concelleiros.

O Sr. Alcalde dí que xa foi a pleno e está publicado, e non entende que é o que quere, se quere que se publique unha copia da nómina ou que; que a transparencia é total e non é lóxico o que está a decir a Sra. Peña.


A Sra. Peña dí que vota en falta que non se publiquen as retribucións mensualmente; que parece que lles molesta que pregunte e iso é algo que eles venderon e non ten porqué molestarlles.

O SR. Alcalde dí que é pouco serio que ponga en dúbida a transparencia e se ten algunha dúbida que veña polo Concello e pregunte á Sra. Secretaria.-

Que este goberno se vai a definir pola transparencia, entre outros aspectos, o diálogo e eles coma oposición poden ter todos os datos e os que consideren que teñen dúbidas poden informarse; e que lle preocupa que queiran enganar ós veciños.

8º.- A Sra. Peña Muñiz dí que non se lles contesta ós escritos que presentan e non se traen ás mocións a pleno, e que non se lles deron as actas das Xunta de Goberno; que non se convocou pleno ordinario dende que tomaron posesión e non se lles está dando información.

O Sr. Alcalde contesta que ten todas as posibilidades para estar informados.- Que a moción



ILMO. CONCELLO

de

RIBADUMIA

(Pontevedra)

traeráse cando se obteña da Deputación a información que solicitan, pero que ela é diputada provincial e pode presentala directamente na Deputación; que primeiro é contar coa información e logo ve-la dispoñibilidade para levar a cabo esas actuacións; que hai que darlle tempo ás administracións porque a Deputación xa está co ese asunto.

9º.- O Sr. Serantes Alvarez solicita que as sesións se fagan coa periodicidade prevista e coa antelación suficiente para que lles permita organizarse, xa que senon se menoscaba a labor de información.-

O Sr. Alcalde lembra que este pleno retrasouse porque había que aproba-la conta antes do 1 de outubro e estaba en período de exposición pública e non procedía facer dous plenos no mesmo mes se non había outros asuntos e que iso xa se tratou coa voceira do grupo do P.P.

O Sr. Serantes Alvarez dí que non se trata de facer máis plenos, se non de disminuir as Comisións Informativas de 8 a 4 comisións, que é o que o seu grupo propuxo e iso sí que suporía un aforro.

Así mesmo solicita que non se tente controlar os tempos da oposición; que se traigan as mocións a pleno cando as presentan; que se está menoscabando a labor, como cando non se lles contesta a un escrito presentado no mes de xullo, respecto á creación dos grupos políticos, e que favorece ó equipo de goberno.-

O Sr. Alcalde contesta que, como xa sabe o Sr. Serantes, se remitiu o devandito escrito a distintas administracións para que emitiran informe ó respecto e cando se teña se actuará en consecuencia, sen problema algún.

Por último o Sr. Serantes Alvarez roga que a orde do día veña con máis contido e non só con aprobación de asuntos xa deixados en marcha polo anterior goberno.

10) A Sra. Peña Muñiz pregunta polo horario do Pavillón de Sisán e que quen é o encargado da apertura e peche do mesmo, contestando o Sr. Alcalde que o horario é o mesmo que tiña cando ela gobernaba e a persoa responsable da apertura e peche é o responsable de tódalas instalacións municipais.

O Sr. González Ledo quere deixar constancia que na anterior lexislatura houbo moitos plenos de trámite e moitas mocións que non se trataron en pleno e incluso mocións que se trouxeron cando xa había pasado a data á que facían referencia (como a do día das letras galegas que se trouxo despois e xa non tiña sentido); de tódolos xeitos que se tentará amplia-los prazos das convocatorias.

A Sra. Peña Muñiz dí que non se deixou sen tratar ningunha das que se beneficiaran os



ILMO. CONCELLO
de
RIBADUMIA
(Pontevedra)

veciños de Ribadumia; que todas as mocións se levaron a pleno.- O Sr. Oubiña Lago dí que tódolos grupos poden traer as mocións que estimen de interese e as que se presentaban todas eran de interese dos veciños; que houbo algún pleno no que se trouxeron oito ou nove mocións porque non se tratou no que lle tocaba; e que respecto á presentada por eles xa se lles explicou que se tratará en canto se teña a información da Deputación.-

O Sr. Serantes lle contesta que a este Pleno se trouxo a aprobación da conta e que a Comisión informativa foi o 7 de agosto e dende entón tiveron tempo suficiente para analizala; que antes se facía con 3 días de antelación e gracias.

O Sr. Oubiña Lago pregunta ó grupo do Partido Popular en qué momento consideran que os imputados deben dimitir dos seus cargos.- A Sra. Peña Muñiz non contesta e o Sr. Serantes dí que, polo que él sabe, as preguntas se formulan ó equipo de goberno (que o Sr. Oubiña debería estar na oposición e dirixila ó P.P.) e que esa pregunta noutro ámbito quizáis poderán contestala e non aquí.

E non habendo máis asuntos que tratar, se levanta a sesión sendo as vintedúas horas e quince minutos, de todo o cal, eu como Secretaria, dou fe:-

